



RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: LU02507:14

SITUACIÓN: RIBEIRA SACRA, Nº 12-14, 2º E - CHANTADA

Por resolución da Dirección Territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas de Lugo de data 17 de febreiro de 2025 iniciouse o proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ao expediente LU02507:14, ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, *polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.*

Co obxecto de seleccionar as persoas adquirentes para a dita vivenda, esta foille ofertada a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

No prazo citado unicamente presentou a solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes don/a XIANA NOVOA LOPEZ (núm. de credencial 116438), que, logo da oportuna comprobación, cumpre os requisitos esixidos para ser designado/a adquirente.

Polo tanto, en uso das súas competencias atribuídas, o xefe territorial

ACORDA:

1. Non realizar o sorteo.

2. Declarar directamente adquirente a don/a XIANA NOVOA LOPEZ (núm. credencial 116438)

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de recepción da presente notificación perante a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, na data da sinatura electrónica.

O director territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

Marco Antonio Fernández Piñeiro

(Asinado electronicamente).